

A Nosa Terra

BOLETIN DO PARTIDO GALEGUISTA

Aumento das contribucións dos extranxeiros pra o turismo. Ferrocarril casi parado... ¡Ei obra do centralismo!

ANO XVI

Galicia (Pontevedra) agosto do 1932

Núm. 296

CO-A REPUBLICA E CONTRA A REACION DO ABSOLUTISMO CENTRALISTA

Diante da derradeira asonada, A NOSA TERRA, interpretando o sentimento de todol-os galeguistas, quer deixar ben sentada a súa repulsa franca e forte.

Con pretextos que se non poden creer, é indubable que a verdadeira finalidade que se procuraba era a de afundir o réxime que os pobos da Hespaña procraron, de maneira crara e terminante, c-un senso da súa diñidade civil que asombrou ao mundo, n-aquela data historica do 14 de abril de 1931.

Dirixido tal movemento por un fato de xeneraes e pol-os núcleos mais representativos da España do uniformismo e da incompreensión, pol-os patrioteiros dos desastres coloniales e da xenreira a Cataluña, pol-o cerrilismo nemigo das arelas autonomistas e partidario do militarismo inútil que consume unha das mais importantes partidas do presuposto do Estado... A NOSA TERRA está frente d-il con todol-os seus azos.

Supoñemos que os republicanos de curazón, e as Cortes especialmente, abrán os ollos, saindo da gayola en que os tiñan collidos, e non deixarán de establecer, inda que non sexa mais que por un intre, a comparanza entre iste couce da reación española, que se escuda no pantasma da desmembración, e as repetidas probas de lealtade recibidas dos nazionalistas dos difrentes pobos da Hespaña.

Namentras, nós non poderemos trocar nin un soio punto da posición anti-gubernamental que, pol-o que se refire a gobernazón da nosa Terra, deixamos establecida no manifesto que o Día de Galicia diriximos ao pobo galego.

Cerrilismo e ruindade

O catolicismo dos nosos

O "Ideal Gallego", da Cruña, desatouse contra do noso deputado Otero Pedrayo, por mor de que figuraba entre os firmantes d-unha solicitude na que se pregaba que fose devolta aos xudíos a sinagoga en ruínas d-unha cidade andaluzá.

¡Quedamos admirados ao ler as cousas que o órgao-sucursal de "El Debate" en Galicia se atreveu a decir en nome do catolicismo!

¿É que pra ser católico compre ser intransixente?

Otero, católico sincero, facendo uso da liberdade que aos afiliados concede n-iste punto o Partido, decrarou e defendeu o seu credo publicamente cando coidou que era intre de facel-o; cando os que agora se atreven a censural-o, establecendo escrusiva de catolicidade, calaban como petos, namentras que o noso deputado arrostraba a tormenta de censuras que dispararon contra d-il os incompreensivos da outra banda, acadando pra si e pra o Partido o inxusto alcume de reacionarios.

Acusal-o por iste xesto, tratando de erguer contra nós aos católicos galegos, constitúe, ademais de cerrilismo, ruindade.

Mais agradecemos o ataque, porque así queda acrarado d-unha vegada que, afortunadamente, os católicos adidos ao noso Partido saben do catolicismo comprensivo i-europeo dos países adiantados, que lle non cabe na testa aos que se empeñan en impor á nosa Terra a intolerancia, e nos queren facer vivir ao dictado da reación madrileña.

A política gubernamental

que se fai en Galicia

Chegaron as cousas a un punto en que xa non podemos ficar calados; porque a política que os elementos gubernamentales están a facer en Galicia non pode ser peor e, contra do noso desexo, trainos ás mentes os tempos mais ruins do caciquismo do difunto réxime.

Non queremos ocuparnos hoxe dos casos verdadeiramente increíbles de conellos que, por culpa dos elementos dirixentes da política gubernamental, veñen funcionando ilegalmente dende a súa constitución... Donde os desacertos, a arbitrariedade e a falla de senso chegaron ao limite é no funcionamento, i-especialmente na constitución, das comisións xestoras das diputacións.

Ben sabido é o noso criterio contrario á existencia d-istes orgaismos, porque son a representación mais xenuina da absurda e arbitraria división provincial que nos impuxo o poder central co fin de romper a nosa unidade e favorecer o absolutismo centralista. Mais, namentras existan e lles esteña encarregado o manexo d-unha considerable suma de millóns e a administración de importantes intreses, coidamos que deben ser tomadas mais en serio pol-os que n-elas se apoyan pra facer política.

Porque chegou o tempo de que se vayan deixando a unha veira a despreocupación e a incompetencia e de que se busque outra maneira de destacar as axudas e as amistades políticas.

Pensen o Sr. Casares e o partido que il dirixe no mal que están facendo á nosa Terra, donde, si as cousas siguen así, as xentes rematarán tendo o convencimento de que os sanos procedimentos que habia dereito a agardar da República chegaron somentes pra os outros pobos da Hespaña.

Xa vai sendo tarde, mais inda están a tempo de reitificar, si os acontecementos que pra o mes que ven se anuncian en Lugo non son somentes verbas.

Agardámol-os, pra enxuiar.

Un moimento na Estrada a Pardo de Cela

Como en Catalunya, como en todol-os pobos sonetidos, estan sendo as vilas da nosa Terra o mais rexo proel da galegitude.

A Estrada, que xa tiña xustificadado moitas vegadas ista afirmazón nosa, tómallo novamente a dianteira ás cidades galegas teimando de perpetuar a lembranza do baril defensor e martir da nosa liberdade: do Mariscal Pardo de Cela.

Reproducimos, pra conocimiento de todol-os galegos, o que "El Emigrado", xornal estradense, di en col do devandito homenaxe no número do día 16 en que decraraba aberta a suscripción.

"A feliz ideia lanzada pol-o escolante de Riveira, D. Manuel González, d'erguer na vila d'A Estrada un moimento, sinxelo, a aquil esforzado Mariscal D. Pero Pardo de Cela que foi decapitado en Mondoñedo o 12 de Nadal de 1482 por orden dos Reises Católicos, por loitar contra d-iles durante tres anos en defendendo as liberdades galegas que aquiles nos querían tirar, e nos tiraron ao cabo, semella que foi acollida con agarimo pol-os bons galegos d-ista localidade, posto que moitos ofreceron persoalmente a súa adhesión e d-outros temos recibido cartas afervoadas cos seguintes donativos en diñeiro:

A suscripción aberta pol-o referido xornal foi encabezada con varios donativos de 25 ptas. e, según as notizas que de A Estrada temos, non tardará en conquistar o ouxetivo que se propón.

Temos a seguranza de que ista fermosa ideia, nascida n-unha vila, será de contado secundada en toda Galicia, como xa foi en Pontevedra e outras cidades.

Atrévemonos a supoñer que o 450 aniversario do primeiro e mais esforzado mártir da Causa galega se celebrará o 12 de Nadal d-iste ano coa maisima solemnidade: inaugurando na galeguisima vila de A Estrada o primeiro moimento á lembranza do noso Mariscal.

"A Nosa Terra" acolle a ideia co mais grande agarimo e sinte a fonda ledicia de ver como o pobo galego esperta e volve os ollos aos seus heroes. Porque honrándos diñificase e hónrase a si mesmo.

Chegaron os tempos de rematar cos homeaxes de servos aos mesmos que en Madrid, ás ordes do absolutismo centralista, rubraron os aldraxes contra os que loitou e deu a vida o valente Mariscal.

O MUNDO, POL-OS VIEIROS DO NAZONALISMO

OS XIONLLOS DE

ANA DE BRETAÑA

Sábase, pol-a prensa, do atentado que se consumou en Rennes contra o moimento erixido en lembranza da unión da Bretaña á Francia. Bretaña incorporouse a Francia en 1491, cando Carlos VIII fixo a Ana de Bretaña muller súa. No moimento agredido aparez Ana rendida, en homildosa aitude, ante a representación matronil do pais francés. Os partidos bretonistas consideraron sempre aldraxante aquil símbolo, e, recentemente, nas columnas d-un xornal da antiga cabidal bretona, un sinificado xefe erguéu a súa vos de protesta ante o feito de que Rennes tolerara un estigma de escravitude.

No artigo aludido, o escritor non facían aspaventos arredistas, nin esgazaba farisaicamente as súas vestiduras espirituas coas unllas do patriotismo. Sinxelamente, condenaba o brando espiñazo d-un pobo deixaba que os franceses representárano axionllado no momento da unión. Ana de Bretaña, por eisixencia de decoro e da historia, estar posta á outura de Francia e n-un pé de igualdade co ela no momento.

Ista torpe orgueza, iste erro de vaidade francesa do grupo de Rennes, é a torpeza e o erro de moitos dos Estados Unidos que, despois de decapitar aos Pardos de Cela, e co ilés as vidas dos pobos, ou despois de conquistar, coa man d-unha puñalada, a sumisión d-un pobo, se empeñaron en lembrar aos asimilados os caducos que, prisoeiros de guerra ou vendidos d-un rei, estiveron cados co siño da inferioridade, cando non da escravitude.

En vez de seguir unha política hábil, de cautación benévola pra pol-a práctica do respecto e da irmandade, quixeron que d-ollos das minorías étnicas, bailase sempre a aita de desigualdade, diante dos ollos dos levitas a lembranza dos mandamentos de Moisés.

Pra que os pobos irredentos ademitan parlamento cordial e tratados que detentan a dirección da súa vida política, compre que d-ollos de Rennes, total-as Francias ergan a total-as Anas e as prósperas a dialogar á súa outura.

Cando Francia non o faga, haberá que enseñarlle á mesma a desdobrar os seus xionllos.

R. C. C.

O IDEALISMO

DA IRMÁN IRLANDA

Pra os que cando nos escoitaban falar da necesidade de que o noso pobo recobre o dereito a se gobernar de seu nos alcumaban de "idealistas" e pra os que, con espírito de tendeiros, nos pedían que lles amostrásemos con números (como xa fixemos) a comenencia da liberdade da nosa Terra, fermoso exemplo o d-istas decraracións, cheas de outo idealismo e de fe nos destínos do pobo irmán, feitas por De Valera, xefe do goberno da Irlanda:

"Prefiro unha Irlanda labrega i-escura falando gaélico a unha Irlanda rica falando en inglés".

A INDIA

O patriota exemprar e incorruptible, o apóstol predicador da "resistencia pasiva" i-enemigo do imperialismo inglés, é a mais xusta encarnación do seu pobo.

Gandhi, e a India co-il, camiñan, día a día, pol-os vieiros espiñentos da súa futura liberdade...

Os que aseguran que o mundo camiña cara á unidade deben parar mentes n-istes exempros e nos que a Europa nos deú dimpois da guerra—Polonia, Lituania, Unión Rusa de Repúblicas Socialistas Soviéticas, etc.—

A unidade, como certamente dixo Prat de la Riba, somentes prospera cando se realiza entre terras que teñen as mesmas características étnicas e culturais. N-outro caso, afunde cando semella mada, como a Historia demostra ben craramente.

E cando os Estados—coma o hespañol—abran características difrentes, somentes hay unha meiciña pra tarde ou mais cedo, se produza a escisión: a *Autonomía*.

Si queren facer duradeira a xuntanza e aproveitar a unidade e a solidariedade establecida pol-a vida en común, o meio, non pode ser mais que un: a *Autonomía*.

Os que, por absolutismo centralista ou por un mal entendido españolismo, se opoñen ás arelas autonómicas dos pobos son os máis eficaces xeneradores dos *separatismos*.

A visita dos nosos deputados a Barcelona motiva

Un gran homeaxe popular de Cataluña a Galicia

Al poble de Catalunya

És evident que la instauració del nou règim nascut de les ansies populars de llibertat ha servit per a desvellar en els pobles oprimits pel centralisme monàrquic espanyol totes les virtuts adormides i els ha posat en peu, dale osos de recobrar llur personalitat. Els fets són encara massa recents perquè s'hagi d'amentar amb detall, i les incidències i visicituds que estem travessant constitueixen una proba eloqüentíssima dels diversos esperits nacionals que hi havia latents en el cos d'Ibèria. Les vibracions de Catalunya no són úniques en aquest conjunt heterogeni i els catalans hem pogut constatar amb satisfacció que, paralelles a les nostres, es manifestaven d'una manera ben acusada les del País Basc i les de Galicia.

Tota la història del poble gallec, d'aquest poble exemplar amarat de poesia, està fitada de lluites per la consecució de la seva llibertat. Els llibres en parlen ja dels heròics celtes que s'oposaven primerament a la invasió romana, després a la dels jueus, més tard a la dels musulmans, a la dels gots, a les incursions dels normands i a l'opressió castellana. Alfons IV de Castella mostrá el seu poder dominador suprimint l'autonomia gallega i els Reis Catòlics inposaren forts càstigs a Galicia per no haver volgut decantar-se de llur costat. En els temps moderns, en 1814, els gallecs es sublevaren contra l'absolutisme de Ferran VII, i en 1846 contra el de Narváez, fins que la política monàrquica acabá d'adormir del tot la personalitat gallega i la convertí en quatre "províncies" més de l'Estat espanyol.

La República ha arribat per a portar-nos un règim més liberal, i almenys així creiem tenir dret a esperar-ho. No serien republicans els governants espanyols si tancaven els ulls i es tapaven les orelles per caure en idéntiques ignominies que la monarquia. Davant del bell panorama de les personalitats nacionals erectes i inconfusibles, ens sentim optimistes i volem creure que les maniobres perfídies i subterrànies no poden prosperar. Els pobles vius sabran ocupar llur lloc d'honor quan arribi el moment, i entre aquests ens sentim joiosos de comptar-hi Galicia, el nom de la qual, sols d'evocar-lo ja ens parla d'un amor ingenu a la terra, d'un amor suau com la música d'un alborada o con els versos dels sens inconfusibles poetas.

Avui que des dels homes que representen Galicia a les Corts Constituents d'Espanya, Otero Pedrayo i Castela, que tantes proves de fraternal afecte ens han donat en sumar-se a la defensa dels nostres drets, vénen a visitar-nos, convidem al nostre poble a retre a Galicia en llurs prorsones el més fervorós homenatge de simpatia, de fraternitat, d'amor de què Catalunya és capaç. Diem-los amb la nostra aspra siceritat com el nostre cor está sadollat d'agraïment i de joia i com desitgem ensems la llibertat del poble gallec per a emprendre junts en la nostra diversitat característica la nova ruta que tants anys fa que albirem i encara no hem pogut arribar a assolir.

Tots els partits polítics catalans, presidits per la máxima representació del nostre poble, la Generalitat de Catalunya, us convidem a assistir als actes que es celebraran dimecres dia 20, per tal de testimoniar a Galicia els més alts sentiments d'afecte i admiració envers la terra de Rosalia de Castro, de Curros Enríquez i de Concepción Arenal.

Barcelona, juliol 1932.

EL COMITE EXECUTIU

RESUME DOS AITOS CELEBRADOS

A organización do homeaxe

O día 14 de xullo celebrouse unha xuntanza de forzas políticas, convocada pol-a Unión Democrática de Catalunya, pra tratar da visita a Barcelona dos deputados galeguistas. Asistiron representacións das principais entidades catalanistas de Barcelona.

Na xuntanza quedou arraxado o plan dos homeaxes a realizar e desíñado o Comité que lanzou o vibrante manifesto ao pobo catalán que reproducimos n-outro lugar d-ista páxina

A chegada

A prensa catalana anunciou con grandes titulares, nas primeiras páxinas dos xornales a chegada dos nosos deputados. No seu honor ergueron salutacións cheas de agarimo as mellores prumas de Cataluña. Nas verbas de benvida resoaron acentos cordiaes de lembranza a outras embaixadas de galeguismo a Cataluña. Houbo unha recordación garimosa dos vencellos históricos e da comunidade de problemas que xungue aos dous pobos, e unha exaltación das figuras dos nosos precursores galegos, que son tamén os precursores do catalanismo.

Os deputados galeguistas chegaron de Madrid o día 20 e foron recibidos no Paseo de Colón por representantes da chegada que estaban cheos de púlpito e de agarimo. Alí se toparon con representacións da Generalitat, do Concello, Unión Democrática de Catalunya, Centre Autonomista de Dependents, partidos políticos, prensa, etc. etc.

Cando o tren entrou en agullas estralou unha formidabile ovación que se repitiu ao baixárense os deputados galeguistas. Os "Viva Galicia" da moitidume foron contestados por un "Viva Cataluña" e "Viva a liberdade dos pobos ibéricos" dos deputados galegos.

Os guardias abiron con traballo paso pra que os deputados poideran saír á rua de Claris. Fora, as ovacións convertíronse en apoteósicas e repetíronse diante do "Victoria Hotel" onde os deputados se hospedaron.

Hóspedes de Honor

Chegados ao hotel, o Sr. Comas, en nome do Concello e o Sr. Ventós, manifestaron aos nosos deputados que dende aquí in-tre eran hóspedes de honor da Generalitat. Namentras, os grupos formados na praza de Cataluña seguían acramando a Galicia e os seus representantes.

As doce da mañán, foron recollidos no seu hotel por diversas representacións acompañadas do xefe de ceremonial da Generalitat señor Rubí, na que foron recibidos pol-o Presidente Maciá e varios conselleiros. Unha aberta simbólica, nun intre cheo de emoción.

Despois, a visita ao Concello, o percorrido pol-os estrados cheos de arte e de lembranzas. I-en todas partes, un saúdo e unha lembranza afervoadas á terra irmán.

O Xantar da Fonte del Lleó

Ao meiodía, celebróuse o banquete íntimo con que a Xeneralidade obsequiou aos seus hóspedes

Asistiron os señores: Maciá, pol-a Xeneralidade; Casasnovas, pol-o Concello, con varios conselleiros, e as representacións dos partidos que interviñeron na organización do homeaxe. No xantar tratouse longamente da política dos dous pobos, da marcha das discusións estatutarias e de todos aqueles problemas que interesan neste intre decisivo aos dous países que tan fundamentais sinten o espírito nazonal d'un rexurdimento.

Visitas aos centros culturais

A serán decorreu entre visitas aos centros culturais de Barcelona. Castela e Otero Pedrayo percorreron detidamente o Institut de Estudis Cataláns, o "Archiu Histórico de la Ciutat" e outras entidades culturais e catalanistas. En todas partes recolleron mostras de agarimo e probas do fondo intrínseco que se sente en Catalunya pol-os estudos, pol-a cultura e pol-o porvir da nosa Terra.

No Centro de Dependentes

O anuncio do mitin no Centro Autonomista de Dependentes, (tribúa prestixiada pol-os meirandes méritos na xesta do rexurdimento de Catalunya) encheu os amprismos salóns d-unha concurrencia verdadeiramente inusitada. Moito denantes da hora, a moitidume enchía non só o salón de aitos senón tamén as outras dependencias do edificio onde se colocaran altavoces pra que poidese o discurso ser ouvido dende elas.

A entrada dos deputados e os

seus acompañantes foi acollida por unha formidabile ovación. Presidiron o aito cos nosos deputados os señores, Casals, pol-o Centre; Maspons Anglases, Rovira y Virgill, Vila d'Abadal, por Unión Democrática de Catalunya; Tomás y Piera, pol-o Partido Catalanista Republicán; pol-a Esquerda; Battista y Roca, por "Palesira"; Valls, Saguer, Vilar, e outros.

Abiron o aito os discursos dos señores Casals y Valls, que no nome do "Centre" e da Comisión Organizadora saudaron aos nosos deputados. O segundo, dixo unhas verbas en galego, en mostra de cortesia aos recén chegados.

Discurso de Maspons

Unha ovación formidabile acolléu a presenza do ilustre xurista catalán na tribúa. Comenzou aludindo á irmandade das dúas Terras na loita pol-as súas reivindicacións e a nobreza con que nos dous pobos se teñen pranteado os problemas da renacionalización. Recordou a súa estancia en Praga e o incidente ocorrido co grupo "Palesira".

"O que queremos facer—di Maspons—é un novo Estado, unha nova organización da Iberia, unha fórmula que acolla a todas as terras por igual. Queremos rexenerar Hespaña. E sostemos que ningún Estado pode demandar o suicidio de un pobo, anque iste Estado sexa Hespaña. Non somos egoístas, pol-a contra, estamos dispostos a servir á grandeza de Hespaña como o que mais. Emporiso vos demandamos, amigos

de Galicia, que cando tornedes á vosa Terra podades decir que eu, qui, en Catalunya, se topa un pobo que vos estima e que sabe que o mañán e a vitoria son nosos".

Unha longuíssima ovación acolléu as deradeiras verbas.

Rovira Virgili

O historiador da evolución nazonal de Cataluña, o autor de "Os movementos nazonalistas", escomenza decindo que Catalunya ten cos representantes de Galicia a obriga d'un homeaxe pol-a súa colaboración. Fala logo das afinidades entre Galicia e Catalunya: un triángulo ao W. e un triángulo ao Leste, catro provincias artificiosas d-unha banda e catro d-outra.

"Eu coído que a duzura un pouco triste dos campos galegos ven de moit atrás, provén de ollar feitos anacos de provincia, os anacos da súa mesma carne".

Discorre ampramente sobre da diferenza entre os pobos doces e os pobos rexos entre os da península. "Contra cincuenta provincias, dí, imos erguer o ideal nazonal de Vasconia, Galicia e Catalunya".

Dí que compre estabrecer a alianza do mar contra da hexemonía central.

E preciso que os republicanos vellos, demasiado vellos, e republicanos novos, demasiado novos, non disfracen de monarquía a República Hespañola. Un novo país autónomo é un novo valladar as dictaduras, unha torre que fará imposible unha restauración. Os golpes ao Estatuto son golpes á República. Canto mais poden os seus artigos, mais forte brotará mañán o ideal nazonal que representan.

"Fala do conceito paternal da patria. "Terra" dise igual en vasco, en galego i-en catalán. Pra uns países terra e patrea son a mesma cousa, pra outros patrea soio representa o exército, a forza, anónima, o escalafón... Pra nós a patrea é certamente o pasado, mais non o pasado das cousas que pasaron xa, senón o das que son eternas".

As derradeiras verbas do discurso de Rovira e Virgili foron acollidas c'unha grandísima ovación.

Doñabeitia e Suárez

O inxenheiro Doñabeitia, fala en vasco, rec orda a Tripre-alianza e remata c'unhas verbas de en salutación a Cataluña pronunciadas catalán. E ovacionadísimo.

O galego Suárez, Presidente do centro Cultural, que tan fortemente representa a nosa idea na cidade de Barceloua, fixo un admirabile discurso en galego, de presentación dos nosos deputados e de saúdo a Catalunya.

O orador rematou as súas verbas cheas de agarimo pra a terra catalana e de exaltación de Galicia antre meo d-unha formidabile ovación.

O discurso de Otero Pedrayo

Acóllese ao gran prosista galego con fortes e longuíssimos aprausos.

Escomenza adicando unha sentida loubanza chea de lirismo e de emoción a Catalunya nas súas manifestacións mais características. Dí que Galicia degoira ser "ela mesma", integrada pol-a súa tradición, mais que posee tamén un fondo espírito liberal e moderno. Así os galeguistas comparten as arelas de pas, de supresión de fronteiras... das modernas mocidades. Recordá a Portugal, segregado de Galicia por un erro histórico do centralismo. E recorda tamén a Irlanda pol-a continuidade do seu espírito céltico.

Fai un breve resumo dos rasgos capitaes da personalidade de Galicia e unha detida comparanza cos de Catalunya.

Agradece os cataláns o homeaxe que se tributa a Galicia e remata decindo:

Cidadans de Catalunya: Fagamos

todos xuntos un esforzo pol-as xereneracións do porvir. Visca Catalunya!

Unha formidabile e reiterada ovación acolle as magníficas verbas, inzadas pol-o espírito outimista e baril que o anima sempre, i-esmaltadas pol-a esgrevia cultura do que será por sempre mestre das nosas letras.

Castelao fecha o aito

Unha nova e longa ovación é tributada, en pé, por todol-os concurrentes, ao autor de "Cousas" e do album "Nos".

A prensa catalana non recolle o texto taquigráfico do seu discurso, senón un amprio extracto que a cativés do noso xornal nos impide reproducir. Esto danos ocasión de repetir o que dixó "La Nau":

"Moito nos doe non poder dar o texto íntegro do discurso que pronunciou o ilustre político galeguista, porque foi d-unha subrimidade tan acentuada, d-unha estrutura tan perfecta, d-unha unidade tan axustada, que malamente pode un resume dar-idea do que foi a oración pronunciada onte no Centre de Dependentes por iste firme nazionalista".

Castelao escomenzou ofrecendo a Cataluña a admiración e o esforzo do Partido Galeguista pol-a causa catalana. "Eú, dixó, son somentes un artista que puxo o arte o servizo da súa Terra". Cando pra salvar a Galicia cumpría coller o camiño da cultura, arredándose da política, il colleu tamén aqul vieiro. E hoxe, coas novas circunstancias, tornou aos eidos da política.

Alude aos mitos célticos da esperanza e do fin histórico de Galicia. A nosa Terra ten de desatancar de novo o camiño de Europa que foi o camiño das pelerinaxes.

O Partido Galeguista non quer erguer fronteiras. Verdadeiros separatistas son os que o combaten, porque dificultan unha intelixencia con Portugal, porque queren conservar o sistema unitario e centralista, patrioteiros de todol-os desastres.

Galicia endexamais recurreu ao Estado en cemande de protección. Porque os seus brazos son fortes pra o traballo e fértiles na emigración. Mais agora que América acabou pra Galicia, nós temos de revalorizar, lentamente, a nosa Terra pra que a súa vos soe no concerto das voces nacionais da Hespaña e pra que a súa cultura se emparelle coas dos outros pobos da Europa.

"Estamos ben seguros do trunfo, porque contamos con total-as fortes mocedades de Galicia. Visca Catalunya!"

A ovación que acolleu as derradeiras verbas de Castelao foi descriptible e se reproduxo á saída do local. Os deputados galegos foron felicitados pol-os asistentes e recibiron o abrazo dos representantes de total-as entidades cataláns que se axuntaran en aito de tan forte resoancia.

Outras visitas

Os deputados adicaron o seguinte día a visitaren as coleccións de arte que encerra Barcelona. Especialmente adicaron longo tempo a

veren a orgaización do Museo da Cidadela no Parque e mais a Colección Plandiura, onde foron acompañados por distinguidas persoalidades catalanas.

Despois foron obsequiados con un xantar dado no seu honor pol-a comisión orgaizadora do homeaxe, na torre de Xaime I.

Novos aitos

Antre outros aitos de resoancia que se celebraron compre resaltar o champan de honor con que os nosos deputados foron obsequiados no Círculo da Dreta Liberal Republicana de Catalunya, ofrecido pol-o Sr. Sol'a Cañizares no nome da súa orgaización e agradecido con sendos discursos pol-os nosos deputados; a cordialísima visita ao grupo "Palestra" e a visita á Unió Democrática de Catalunya.

O da U. D. C.

Os nosos deputados foron recibidos con grandes aprausos. O local estaba acugulado de público, antre o que figuraban moitas donas. Abreu o discursos Carrasco Formigueira co-as mais garimosas loubanzas pra a nosa Galicia e rematou decindo:

"Nós queremos a absoluta liberdade; a prena autonomía, compatible cos lazos que nos axuntan aos outros pobos. Queremos, si, a total, completa e absoluta liberdade pra a federación definitiva de todol-os pobos, pra a mais ampria fraternidade universal".

Otero Pedrayo fixo un dos seus mais maravillosos discursos. D-il son istes anacos:

"Chegando a-esta casa sentímonos n'un ambiente tan familiar que vemos como se vai soerguendo o espírito de Galicia, que unhas veces desaparece baixo e Terra e outras xurde espréndido a manifição aos nosos ollos". Alude ao europeísmo do P. Feixoo, o único europeo do seu tempo. Remata decindo que os cataláns deben sentirse en Galicia como no seu propio fogar.

Logo ergueuse Castelao e dixó: En Galicia non temos picotas nin forcas; mais temos tamén o noso símbolo tribal, eixe das parroquias galegas: o cruceiro. Isto quer decir que nós soupemos trocar a crueldade en piedade, e o odio en amor e comprensión... Galicia ten o seu porvir espiritual en Portugal. A separación foi mortal pra os dous pobos. O río Miño é certamente a fronteira antre Hespaña e Portugal, mais non separará endexamais a Portugal de Galicia. No fondo d-iste noso lusitanismo existe soio un fondo amor á verdadeira Hespaña. Pra Catalunya, mais que amor o que sentimos é envexa; porque pra chegar ao que vós tedes conquistado temos aínda moito camiño que andar. Quédanos a esperanza de ollar algún día unha Galicia ceibe e forte".

Mais aitos. A despedida

A extensión que adrede quixemos consagrar aos aitos denantes reseñados védanos agora pormenoriar cantas recepcións, obsequios, saúdos e mostras de agarimo foron adicadas aos nosos representantes, embaixadores da auténtica Galicia, nas terras catalanas. Abonde decir que en total-as entidades catalanistas, sen distingo de matices, dende

"Nosaltres Sols" e "La Falc" deica a "Lliga Regionalista" a chegada dos deputados galeguistas foi acollida con ledas mostras de entusiasmo e de adhesión. E que istas mostras tiveron un carácter de exaltación popular cando os nosos deputados abandonaron Catalunya e foron despedidos, en meio de un fervor, que ten de enchernos da mais fonda emoción, pois as xornadas catalanas do galeguismo son unha proba da comprensión que meia antre o noso espírito e o d-aquiles irmáns da Hispania auténtica, que sinten como nós o degoiro de que os pobos retornen a vivir a súa vida e sintan de novo a súa propia persoalidade.

Algunhas entidades que se sumaron ao homeaxe

- Partido Catalanista Republicano
- Unió Democrática de Catalunya
- Centre Antonomista de Dependents
- La Falc
- Centre Excursionista de Catalunya
- Barcelona Ko Eusko Batzokia
- Juventud de Esquerza Republicana
- Comité dels Congrès de Nacionalitats Hispániques
- Agrupación Cataláns d'America
- Esquerza Republicana de Catalunya
- Centres Catalanistas
- Dreta Liberal Republicana de Catalunya
- Centres d'Esquerza
- Casals Republicáns
- Ateneu Regionalista Verdaguier
- Casino de Sans
- Unió Ex-Voluntaris Cataláns
- Orfeo de Sàns
- Casal Catalá de Madrid
- Penya de Ex-Combatents Federais de la 1.^a República
- Foment de la Sardana
- Confederació Republicana Fedral de Catalunya
- Estat Catalá (Nosaltres Sols)
- Esquerza Republicana
- Academia de Jurisprudencia
- Centro Cultural Gallego
- Orfe'o Gracienc
- Ateneu Nacionalista Republicá de la Bonavova
- Casal de la Plana de Vich
- Ateneu Enciclopedic Popular
- Ateneus Obrers
- Lliga Regionalista
- Acció Catalana
- Partit Radical Socialista
- Palestra

A UNICA NOTA DESAGRADABRE

Non podía fallar. E, como en tantas outras ocasións, pra vergenza da nosa Terra, tiñan que ser galegos os que a disen.

O Ministro da Gobernación prohibiu que se radiasen os discursos (¡qué perigosos son os nosos deputados!) e algúns xornaes da reaición española aproveitaron a ocasión pra facer invocación ao fantasma de separatismo, como se non fosen illes os que teñan a culpa de que os pequenos Grupos separatistas existan!

Razón tiña Castelao cando, ao dirixir un saúdo dende a estación do Tibidabo ao pobo de Catalunya, que os quería escoitar (única cousa que lles foi permitida); empezou decindo: "Fátovos en galego e sei que me comprendedes; outros, en troques, endexamais me entenderán".

Mais xa tiveron a resposta que merecían e non paga a pena de que lles demos mais importancia.

Abonda con que queden apuntados istes "xestos".

O vergoñante deshaucio do Arquivo de Galicia

Fresca aínda a tinta do artigo de Victor Casas no que tan atinadamente combatía a manía de capitalidade de Galicia, esprotada cazurramente por certa prensa doente de miopía espiritual, velaí que de novo nos desacouga a noticia do próximo deshaucio do Arquivo de Galicia.

E agora, que a incuria—vamos a chamarlle d-ise xeito—das autoridades cruñesas volve a traer a actualidade o vello pleito do Arquivo galego, compie destacar a incomprensible aitude dos persoaxes da Cruña, que cando se lles ofrece unha instalación axeitada son como o can do conto: nin comen, nin deixou comer. Pra chegar a iste punto do deshaucio do Arquivo non viña a conto armar tanta algeirada cando se tratou de levarlo a Santiago—que é o sitio que mellor lle acada—nin promover casi unha guerra civil pol-a posesión d-unhos documentos que en tan pouca estima teñen agora.

Matinando n-istas cousas, preguntase un, qué teima levarán os elementos directores da política e da vida cruñesa pra botar decote de perda todo o que vai en favor da Terra. Un día recraman pra si o Estatuto, pra deixal-o mais tarde esquecido antre os montós de espedentes de espropiación; outra ves ameazan con facerse chinos senón lles dan a capitalidade, ce-cáis pra convertila logo en "un pequeno Madrid"; agora deixan deshauciar o Arquivo despois de tanto degoirar por il. Non lles parece aos patriotas da Cruña que xa teñen d-abondo con disfruitar a protección do Sr. Casares?

Un arquivo non é cousa pra ser usada por xentes escéticas i-elegantes, que presumen de espíritos fortes... O mellor é que desboten d-unha vegada da casa ises papeis vellos e os deixen pra enredo dos tolos a quen lles preocupan as cousas de Galicia.

A Cruña, que tan ben lle senta o figurín castelán, debe pór en práctica o refrán que aconsella o ter lonxe de si a-os "trastos viejos".

Ben-Cho-Shey

Un bando do Alcalde de Santiago

A tradicional costume dos galegos adical-o día de Sant-Iago á expansión e alporizamento dos racións amores pol-a Terra Nai, chegou a impór iste día, como colleito e doado, pra ni-l celebrar-mos a xurdia festa anual en agasallo e louor da nosa amada Galiza.

A Corporación municipal, que teño a honore presidir, sumándose a manifestacións análogas que se farán nas meirandes cidades galegas, ten tomado o acordo—pra solemnizar-o Día, de orgaizal-a Procesión Cívica, que terá de sair do Pazo Consistorial a meiodía, e se dirixirá a o Paseio da Ferradura, pra, all, diante do Moimento de Rosalía Castro, renderlle o tributo de perdurabre admiración á inmorrente cantora das inqueanzas da Terra.

E, a o tel-a satisficó comunican istes acordos me tamén o encarecervos prestardes o voso co-mo-siástico a o devandito que durante todo o Día, vosos balcóns, e as vos escaparates colgados e as còres da nosa ban-branca e azúr, pra mol-o testemoio inequ-treita solidaridade d-ista Cidade ilustre que conmoen o espírito Terra.

Agárdoo de vos, por galegidade.

Sant-Iago, a vintecatiro de Xullo de mil novecentos trinta e do

O voso Alcalde

Raimundo López Pol

Non se honra a Galicia, botando aturuxos nin coas loubanzas sensibeleiras da "terriña meiga", á emoción da gaita, etc. Hónrase mercando libros galegos i-espallando a nosa cultura e a nosa lingua. Quen non sexa capaz de diñificar-a nosa Terra, por moitas probas que queira aducir, será un mal galego.

GALICIA I CATALUNYA

Galicia, melangtosa, besada per l'Atlantic la nostra Catalunya vora el Mediterrá; per damunt de Castella, ampla i deserta, allarguen els braços i estrenyen la má.

Avui hem sentit l'escalf de l'encaixada més fort que mai. Galicia s'ha acostat. La seva dolça parla s'ha fet entenedora i ha resonat auténtica al cor de la ciutat.

Per ço mirant al cel transparent de la Iberia, l'encaix d'aquests dos braços freturant un desti, es projecta en la terra com ombra de misteri, i-en l'horitzó dibuixen un Arc de San Martí.

A. Martí Monteys

CINCKE HERMANOS

LIBREIRIA - PAPELEIRIA - IMPRENTA

CANTÓN GRANDE, 21 - ESTRELLA, 37

A CRUÑA

Banco Pastor

Antes Sobrinos de José Pastor
Casa fundada no 1776

Capital suscrito. Ptas. 17.000.000' -
Id. desembolsado 11.000.000' -
Fondo de Reserva. 6.000.000' -
Id. id. pra fluctuación de Valores. 6.497.028'38

CASA CENTRAL: NA CRUA
SUCURSAES

Vigo, Lugo, Viveiro Ferrol, Sarria, Monforte, A Estrada, Tuy, Melide, Maxia, Carballo, Mondoñedo, Pontevedra, Villalba, Ribadeo, Ortigueira, Carballiño, Padrón, Póboa do Caramiñal, Rivadavia, Noia, Barco de Valdeorras, Verín, Rúa, Petín, Viniánzo, Pontareas, Chantada, Ourense, Cerdeira e Ordes

CONTAS CORRENTES CON LIBRE TAS

Abonando os seguintes intreses:
A vista. 2 1/2 %
A tres meses 3 %
A seis meses 3 1/2 %
A un ano. 4 %

CAIXA DE AFORROS

Abonando intreses ó 3 1/2 % a o ano

CON TA CORRENTES EN MOEDA EXTRANXERA

Intreses a convir
Venta de xiros sobre todo o mundo, especialmente Am

AS SEGREDARIAS

Segredaría Xeral

...a imposibilidade de se dirixir particu-
...ente a cada Grupo, esta Segredaría fai
...esente a todol-os do Partido a súa satisfai-
...ción pol-a aitividade que desenrolaron nas
...festas do Día de Galicia conquerindo pra as
...mesmas unha extensión e unha solemnidade
...que non tiñan abranguido ningún ano.

Participalles tamén, pra que poidan ir
...preparando con tempo as proposicións, que
...pensan facer, que na próxima xuntanza do
...Consello proporá que a Asambrea do
...Partido correspondente ao ano 1932 se cele-
...bre nos primeiros días do mes de outubro.

Prégase aos Grupos e Delegacións que
...inda non remitiron as fichas de todol-os seus
...afiliados e aos que non devolveron dilixencia-
...dos os carnets que o fagan aixiña, pra que a
...situación dos adidos ao Partido poida quedar
...normalizada antes de que se celebre a Asam-
...breia.

A de Orgaización

Coida esta Segredaría que ten conquerida
...a principal misión que lle foi asignada, cal
...era a de establecer relación con todol-os nú-
...cleos galeguistas que traballaban isolados en
...Galicia, mais por si poidese quedar aínda al-
...gún do que non se tivese coñecemento, prégase
...a todol-os Grupos, Delegacións e afiliados
...conta aixiña dos que poideran coñecer,
...e que se fagan as xestións precisas pra
......-os ao Partido e na próxima Asam-
......-os poidan estar representados todol-os
......da nosa Terra.

...constituído o Grupo galeguista en
...... cidade importante de Galicia
...... existía deica a data.

...de poucos días quedará constituí-
...a Delegación de Campelo (Poyo,
...ra), donde a afervorada labourea de
...o núcleo de afiliados dou como
...se adisen ao Partido a casi to-
......ceños da Parroquia.

Paganda

...is dos que xa van publicados, ce-
...... os seguintes aitos:

...14 de maio.—Xuntanza do Consello en Ourense
...se Conferencia do irmán Sebastián González
...no Ateneo Popular, de Santa Cristina,
...a Cruña, en col do tema "Galicia unidade
...stórica".

Mitín en Maside, orgaizado pol-o Grupo
...de Ourense, con intervención dos irmáns
...Fraguas, Víctor Casas, Leuter Salgado, Ote-
...ro Pedrayo e Castela.

Conferencia de Igrexas Vilarelle no Cen-
...tro Recreativo de Bueu, en col da música
...galega.

Conferencia de Castela, ás 8 da sérán,
...no local do Grupo de Ourense, pra a Moce-
...dade Galeguista.

14 de maio.—Mitín na Parroquia de Insua
...(Pontecaldelas), pol os irmáns Alonso Ríos,
...Alvarez Gallego e Paz-Andrade.

Outro na Sociedade agraria do Viso (Re-
...dondela) pol-os mesmos e Blanco Alfaya,
...presidente do Grupo de Redondela.

As 8 da noite, conferencia de Bóveda no
...Centro Recreativo de Bueu en col de "O
...problema económico e fiscal de Galicia".

(ha seguir)

Ouxetos de Arte

...as de todas crases

MARIÑO

e Sarmiento 3

...ontevedra

¿POL-O BO CAMIÑO?

Constituíuse a "Unión Socialista Gallega"

Non existe na nosa Terra un partido d-esquerda galeguista tipicamente marxista. ¿Causas d-elo? Non temos de nos pôr, n-iste intre, á súa procura. Intréanos somentes procurar un vencello que nos xunga a todol-os socialistas galegos, que, sentindo fundamente a vida da Galicia, sentimos tamén as doutrinas marxistas e nos afanamos en interpretarlas e adaptalas á realidade galega.

Pra nós, Galicia é unha realidade tan crara, tan especial, que non podemos estar ao marxen d-ela, nin botarnos no espellismo d-unha vida ficticia levando de bandeira o recramo d-unha xeneralización perxudicial e d-un universalismo en preno esmorecemento. Poñemos a Galicia en primeiro prano e logo cobizamos darlle un tipo de vida que supoña unha verdadeira redención da miseria que arestora soporta. E iste novo xénero de vida que teimamos dar a Galicia, artellando centificamente total-as súas posibilidades, é o socialista. Con ista teima, e pra iste ouxeto, nasce, empulada pol-a forza do ideal "Unión Socialista Gallega".

Galicia é unha nazonalidade ibérica, con dereito, pol-o menos, a ser autónoma. Con dereito a ser ceibe. Con dereito a empregar a súa lingua, orgaizar as súas institucións, articular n-un Código fundamental as súas leises, dar unha base centífica á súa economía, esprotar axeitadamente as súas fontes de riqueza, dando á vida de todol-os seus habitantes un novo senso e unha orientación difrente da que agora ten. Co fin de conquerir estes ouxetivos nasce Unión Socialista Gallega.

E nasce pra toda Galicia Unión Socialista Gallega co desexo de defender n-ela o programa do Partido Socialista hespañol, en todos aqueles puntos que se veñen cos dereitos galegos e cos sentimentos do noso pobo, porque entendemos que a mellor maneira de conquerir un universalismo racional e humano, e a de avencellar todol-os pobos (espertando os seus sentimentos e orgaizando todo o seu vivir axeitado ás súas características) ao torrente da civilización. Os pobos se non poden sentir irmáns si se non sinten ceibes, si se non sinten donos das súas propias persoalidades. Cobizamos un universalismo perfecto, mais canto mais o arelamos, mais desexamos unha Galicia inteiramente dona de si.

Socialistas de toda a vida non podemos esquencernos nin arredarnos dos postulados básicos do Partido Socialista hespañol; mais, galegos de nacimiento e galegos de sentimento, tampouco podemos traicionarnos a nós mesmos, esquencéndonos de que unha das nosas primeiras obrigas é a de axeitar ises postulados ao vivir da nosa Terra, tratándolos orgaizando d-unha maneira mais ideal.

Xurde, pois, Unión Socialista Gallega, co-a arela vivísima de incorporar á vida galega a esencia marxista do Partido Socialista hespañol, arredándonos, en absoluto, de toda concomitancia con doutrinas burguesas. E co-iste norte imos a orgaizar toda a nazonalidade galega, pra poder estudar e resolver todol-os seus problemas e satisfacer total-as súas arelas.

A Autonomía é, pra Unión Socialista Gallega unha cuestión limiar e fundamental. É a nosa razón de ser, pois se non procurásemos aixiña unha autonomía integral, non se xustificaría o noso rexurdimento.

Emporiso, ao nacer, Unión Socialista Gallega acusa a necesidade d-isa autonomía, co fin de que, conquerida que sexa, poder botarse á loita por unha Galicia de tipo novo orgaizada asegún as bases centíficas do socialismo moderno. A vida galega non pode deixarse vencer pol-a "gazmoñería" e pol-a miseria que hoxe a caracteriza e lle da un falso aspecto. No fondo, na entraña do pobo galego, hay algo mais nobre, algo mais encheito de posibilidades que isa degradación e isa probeza. E, xustamente, isa escondida potencialidade que aña no seo de Galicia, esprotada i-escravizada, e o que procura Unión Socialista Gallega, pra poñela en estado de desenrolo e de produción.

Pol-o minifundismo da súa propiedade, por non ter unha zona capitalista fortemente orgaizada, nin unha nobreza poderosa, Galicia tópase na mais doada das situacións pra poder encauzar a súa vida asegún o centifismo socialista, multiplicando d-unha maneira mais racional a súa produción e aumentando d-unha maneira insospeitada as súas fontes de riqueza.

Unha labourea pensada, centífica, honrada, farános donos d-unha riqueza que deica agora non tivo Galicia n-oustante ser dona de total-as súas fontes.

Queremos orgaizar a nosa industria, a nosa agricultura, a nosa vida económica d-unha maneira armónica e conxunta, mais sin esquecer a nosa valoración espiritual, creando ao mesmo tempo unha cultura, un pensamento, un tipo de civilización paralelo ao rexurdir económico.

Non ofrecemos ren. Somentes pedimos homes de boa vontade que queira a Galicia e que comulguen co ideario socialista. Homes que veñen a traballar aos nosos comités e as nosas institucións, con espírito de sacrificio, sin ambición de sinecuras e prebendas.

Homes que veñen dispostos a impoñer en Galicia as ideas e as formas de goberno socialistas, mais por meio d-un traballo arreo. Quen non esteña disposto a sacrificarse pol-o conquerimento d-unha Galicia mellor e ceibe, pol-o tanto, que non veña ás nosas fías e que se absteña de entrar nos nosos comités.

Queremos unha Galicia autónoma e ceibe, das imposicións d-un centralismo "pernicioso".

Temos de crear ou espertar a obriga de amar a Galicia por enriba de total-as cousas e de todol-os negocios de tipo persoal, porque vemos o esquencemento en que se topa iste pobo noso sometido a unha escravitude política e administrativa da que ninguén procura quitarlo; porque gobernándonos por nós mesmos poderemos arranxar os nosos mais íntimos problemas, examinar ás nosas persoalidades e votar eficazmente aos nosos gobernantes.

Autonomía que ten de nos ceibar do caciquismo centralista, da fame e da escravitude tributaria e moral en que nos teñen sumidos os poderes do Estado central.

Non podemos decir cal será o porvir que lle está reservado na nosa Terra á "Unión Socialista Gallega". O que si podemos asegurar é que os camiños que en todo o manifesto se asinalan son os que necesariamente deben seguir todol-os socialistas galegos, se queren dar contido xusto e de realidade ás súas arelas e non seguir sendo vítimas da gobernación uniformista de Madrid, imposta—da o mesmo—por un goberno burgués que pol-o partido socialista.

É o camiño que os galeguistas temos indicado moitas veces aos que manifestaban frialdade na defensa da causa de Galicia co pretexto da súa ideoloxía mais ou menos marxista, pois ela ben sabíamos nós que non podía ser razón de fundamento mais que pra os que teñen do internazonalismo e de outros postulados a mesma idea que calquer rapaz da escola.

Así o teñen comprendido os socialistas cataláns, que romperon hay tempo as amarras que os xunguian a Madrid e son, como se está vendo, os mais báriles defensores da liberdade da súa Terra.

Pol-a nosa parte, recibimos con ledicia iste manifesto con que a "Unión Socialista Gallega" comparece diante do noso pobo, porque ven a demostrar que no campo ermo do socialismo galego escomeza a dar fruto a semente que xenerosamente espallamos un día e outro a todol-os ourizontes.

E que, dentro d-unha Galicia xa dona dos seus destínos e ceibe pra se gobernar de seu, como conveña a total-as súas características, se teime despois de establecer normas socialistas, parécenos moi lexítimo, inda que ista afirmación nosa lle poida producir estraneza a certas xentes.

Co que endexamais transixiremos é cos partidos xunguidos a Madrid, calquera que sexa a súa ideoloxía, porque iles son os responsabres de todol-os males que á nosa Terra lle veñen acontecendo.

PENEIRANDO

"Adrede nos arredamos do patriotismo verbalista que tantas veces levou a Hespanña ao desastre e queremos praiticar outro, conscente e seréu, que consiste en se poñer a carón das realidades hespañolas i-en buscar, pra todo e pra todos, os camiños da xustiza".

Isto dixerón os deputados por Madrid no manifesto en que deron resposta ás acusacións que os unitarios do mitín celebrado na praza de touros madrileña lles fixeron por defender o Estatuto catalán.

¿Que din a iso os unitarios que inda quedan de Quereño pra acá?

Foi tan formidabre o homeaxe que Galicia inteira tributou en Lugo, no mes de xuño, a Castela que algúns xornaes da reación espanoleira inda se ocupaban d-il hai poucas datas tratando de lle restar importancia con argumentos tan contundentes como o de que algúns dos que asistiron a il non falaban galego pol-as ruas.

¿Pol-o que se ve xa vai sendo mais fácil contar aos que non falan galego!

¿E iso que según din os mesmos xornaes os galeguistas somos poucos mais de catro!

Pro aínda é mais absurdo o que ises xornaes dixerón de nós con motivo da asambrea preparatoria do Estatuto celebrada o 3 de xullo en Santiago.

Despois de se ter fartado de decir que non somos ninguén, cairon na parvada de afirmar con moita seriedade, pra "torpedear" o Estatuto, que alí non había mais que galeguistas e se fixera o que nós quixéramos.

Si foi certo, vai resultar que somos moitísimos mais dos que iles quixeran e que temos mais forza da que parece.

Porque alí estaban representadas as Diputacións, os concellos de total-as cidades e Vilas, a Universidade, 8 deputados, as representacións de total-as entidades económicas e culturais de Galicia, e as dos partidos.

¿É que lles amola ter que recoñecer que o segredo da nosa influencia—que a exercesmos indubablemente—está en que temol-a razón.

Moitos radicales socialistas galegos tiveron necesidade de que o intelixente Director de minas Sr. Gordon Ordax, viñese a Vigo, pra recoñecer que Galicia fará ben en pedir tanto como Cataluña, e que a política galega ten de se basar no agro e no mar, con solucións propias e non importadas de Madrid.

Cando o decíamos nós, acusában-nos de inventar problemas ¡como si non estivese ben craro o noso problema diferencial!

¿Tiña razón quen dixo que o pior mal de Galicia era o de sermos uns *alleeiros*!

¿Cándo se ceibarán d-il xentes que n-outras cousas discurren ben?

Os galegos que, por españolismo ben tenzoado pro mal entendido, se opoñen ás nosas arelas, ou as ollan con friaxe, deben reparar que aqueles que aparecen comprometidos na derradeira "xeneralada" son os mais enemigos da autonomía.

¿A cousa está, agora, ben crara! Aos centralistas non se lle da ren de unha Hespanña europea e progresiva... porque lles ia mellor coa España do absolutismo.

¿Decataráns os inxénuos?

Requeridos os irmáns Sebastián González e Filgueira Valverde pra dar unhas conferencias n-un cursillo orgaizado por escolantes en Pontevedra, puxeron como condición a de se espresar en Galego ¡Cómo era lóxico agardar de dous galeguistas!

N-oustante, uns cantos parvos, capitaneados por un ex-upetista que agora deu en presumir de *avanzado*, quixerón dar un golpe de efecto e retiráronse na segunda d-elas. A xente quedouse tan campante e, corridos como monas, saíron somentes *seis*.

¿O mais curioso é que se fartaron de decir á porta que non somos mais que catro! E dentro quedaban mais de 200 persoas.